

UN PROXECTO SAÍDO DO VIVEIRO

Hai dous anos falámos con María Novo Fernández no Viveiro de Empresas do CIFP Porta da Auga do proxecto de creación dunha empresa no que estaba a traballar. Hoxe, ese proxecto é unha realidade, e María recíbenos no local de Con Sentidiño, sito na Rúa Ramón González, nº 32-baixo de Ribadeo, disposta a responder ás nosas preguntas.

Revista do Porta.- Antes de nada, felicitarte por este local, sen dúbida moi apropiado para o que está dedicado agora.

María.- Grazas. Si, levounos tempo atopar o que queríamos, e agora pensamos que temos o lugar adecuado.

Tardaches moito tempo en montar Con Sentidiño?

Isto levoume, podemos dicir, un ano. Abrímos en outubro de 2017, pero antes, xestións, obras,... que se acabaron dilatando máis do previsto.

Cóntanos algo do que é Con Sentidiño.

Con Sentidiño é un espazo creativo para nenos e nenas de 1 a 12 anos, un espazo de xogo, feito e preparado para usar materiais naturais e non estruturados, co fin de estimular a imaxinación e a creatividade, e onde eles poidan experimentar. Durante este inverno traballamos cos nenos nun obradoiro de cociña e fixemos obras de teatro, traballos manuais, etc.

Durante o verán temos prevista a realización de campamentos semanais para sacar os nenos fóra do ámbito urbano (visitas, rutas,...), para o que contaremos coa colaboración doutras persoas de Ribadeo.

Pero queremos que Con Sentidiño sexa tamén para as familias, para as nais e pais. Dispoñemos xa dun obradoiro de ioga e pretendemos realizar con charlas informativas do seu interese, como as de psicólogos infantís, por exemplo, aínda que para este verán ao mellor non nos sexa posíbel.


Ocórreseche algo máis con relación a este carácter distintivo que pretendes dar á túa actividade?

O traballo con materiais naturais e a busca da participación dos nenos. Pensando nas festas de aniversario, por exemplo, eles fan as invitacións e a súa torta. Non se lles dan bebidas con gas nin patacas fritidas compradas feitas, senón que as facemos nós. Esa merenda ven acompañada de elaboración na cociña, traballos manuais con materiais de refugallo e de actuacións teatrais, coas nenas e nenos de protagonistas. En fin, que dentro do que é unha festa buscamos o saudábel e que sexa participativa.

RCantas persoas sodes necesarias para levar todo isto adiante?

De forma permanente estamos dúas persoas, unha ex-compañeira de estudos no Ciclo de Educación Infantil e máis eu, e, en momentos puntuais incorpórase outra ex-compañeira máis.





Algunha axuda para montar o negocio?

Si, recibí unha subvención ao Grupo de Acción Local do Concello de Pesqueiro (GALP) A Mariña-Ortegal, co compromiso de programas accións para as nenas e nenos relacionadas co mar, de utilizar madeira e materiais reciclados, etc.

RDa idea que explicabas na Revista do Porta de fai dous cursos, que variou?

Pois non variou moito; pretendo poñer todo en marcha pero aínda non puiden, sobre todo por cuestión de tempo. Vou indo pouco a pouco e procurando facelo ben.

Como valoras, desde a perspectiva que dan o tempo pasado e a experiencia, o paso polo Viveiro de Empresas do CIFP Porta da Auga?

Pois sigo valorando moi positivamente o ter contado cun lugar de traballo gratuito e dotado con todo o necesario para traballar no proxecto. Igualmente valoro o asesoramento por parte de profesionais. Aínda sigo asistindo a charlas de emprendemento, e debo dicir que de todas elas quitei algo útil

Dispoñerías de algunha recomendación para outras persoas que están pensando en crear a súa empresa?

A de que aproveiten, se poden, a oportunidade que lles pode dar un viveiro como o do Porta da Auga, e a de que maduren moito a idea: que pregunten, que vexan, que se movan, que repensen ... Dar o salto á realidade sempre custa e é duro. Pero son das que pensa que, cando hai motivación, sempre se acaba saíndo.



Non quería despedirme sen indicar que estamos aquí para quen nos queira visitar, e que con agrado mostraremos o que estamos facendo.

R. do P.- Despois desta visita ao teu negocio, María, que montaches con dedicación e empeño, nós tamén estamos convencidos de que vas saír adiante. Agradecemosche a túa acollida e que nos dedicasas este tempo.

Os arrolos do Apego

UNHA COLABORACIÓN ENRIQUECEDORA

Begoña Vázquez Veiga
Profesora do Ciclo de Educación Infantil

*Durme meu neniño durme, durmete meu pequeniño,
que teu pai ha de traerche, da ribeira un paxariño...*

(Arrolo de Domaio)

Así comezaba a sesión de arrolos que compartimos con quince bebés e as súas nais, e algún pai, no Teatro de Ribadeo, nunha colaboración que realizou o alumnado do Ciclo de Educación Infantil co programa Apego. Un percorrido por algúns dos arrolos que forman parte da nosa tradición oral, uns levados por nós e outros compartidos polas familias que quixeron acompañarnos ...

Por que xuntarnos para cantar arrolos?

Porque sabemos da importancia das nanas para facer do momento do sono un momento de calma e tranquilidade, da relación e do vínculo afectivo que se establece coas crianzas, porque nos conecta coa nosa cultura, esencia e historia, porque forman parte dos nosos primeiros actos comunicativos e, sobre todo, porque todos nós seguro que recordamos algunha canción ou xogo que nos cantaban ou nos facían de pequenos, cos que disfrutábamnos enormemente, o que nos deixa un regusto doce cando o traemos á nosa memoria. ... Non queremos que isto se perda.


Agradecemoslle ao Equipo de Dinamización que nos puxese en contacto con Neves Paz, a Técnica de Cultura do Concello de Ribadeo, e, especialmente a Neves, por permitírnos participar nunha experiencia tan enriquecedora.

OS ARROLOS DO APEGO
PARA BEBÉS DE 0 A 12 MESES

Sesión guiada por alumnado do ciclo de educación infantil do cifp porta da auga

XOVES 25 DE XANEIRO
ÁS 17.30 h. NO TEATRO
- DE BALDE , PRAZAS LIMITADAS -

INSCRIPCIÓN en : cultura@ribadeo.org
Telf. 982 131 565
Servizo de Normalización Lingüística
Rúa Viejo Pancho, 12



VISITA Á FEIRA INNOVA

Leandro Mesías Rodríguez, Williams José Moreno Méndez, Julián Pérez Fernández, Francisco Javier Rodríguez Aguirre, alumnos de FP Básica.




Os alumnos/as dos cursos de 1º de Formación Profesional Básica, de Ciclo Medio de Electricidade, de Ciclo Medio de Xestión Administrativa e de Ciclo Superior de Administración e Finanzas, asistimos o pasado 25 de abril á **Feira Innova FP Galicia, celebrada na Cidade da Cultura** en Santiago de Compostela.

O primeiro que nos **chamou a atención foi a arquitectura dos edificios**, xa que non se trataba de construcións convencionais: a forma deste conxunto pretende imitar a dunha pequena montaña.

Dúas persoas da organización guiáronnos ata a entrada do lugar que acollía o evento. De camiño puidemos ver unha obra de arte feita cunha chea de libros, unidos con parafusos, que simulaban unha forma esférica.

Na zona cuberta había **centos de persoas de moitos centros de formación profesional de Galicia**.

Comezamos a recorrer os distintos obradoiros, que eran case todos sobre tecnoloxía. O que quizá nos chamou máis a atención foron os lentes de realidade virtual, un prototipo de coche que se arrefría dez minutos antes de subir a el activando o sistema cunha chamada, sen gastar combustible xa que este funciona con enerxía obtida dos paneis solares




instalados no vehículo, ou o visor táctil para arqueiros invidentes.

Había unha chea máis cousas que ver, como o proceso de fabricación dunha cervexa caseira, a enorme impresora 3D capaz de moitas cousas que non te imaxinas, a madeira para vestir ou o visor táctil para arqueiros invidentes, entre outras.

Foi unha mañá interesante na que ademais o pasamos ben. **Sería bo poder acudir o curso próximo con experiencias elaboradas no CIFP Porta da Auga!!**

ENCRUCILLADO FEIRA INNOVA





Horizontal

1. Bebida alcohólica que se obtén por fermentación da semente de orxo, de sabor un tanto amargo e cor xeralmente dourada.
5. Enerxía eléctrica.
6. Vehículo automóbil para o transporte colectivo na cidade.
7. Relativo ou pertencente ao exército.
9. Arma con vara de material elástico, longa e delgada, cunha corda que, suxeita aos extremos, ao tensala serve para disparar.

Vertical

1. Peza de punto que cobre por baixo do xeonllo.
2. Aparello electrónico con capacidade para substituír ao home.
3. Corpo celeste que xira arredor dun planeta.
4. Persoa que se dedica profesionalmente a dar masaxes.
8. Aparello para descubrir a presenza de obxectos distantes, e determinar a súa natureza, dirección e distancia á que se atopan.

Williams José Moreno
Adrián Itrih



A REGUEIFA É O NOSO RAP AUTÓCTONO

Antía Colorado Blanco
Alumna de 1º de Ciclo Superior
de Educación Infantil

Seguro que **os rapeiros afroamericanos seguen pensando que o seu peculiar estilo de expresarse naceu nalgún suburbio de New York, de L.A. ou de Chicago**, pero alguén debería comunicarlles que **non, que xa fai moito tempo que existen artistas dedicados a frasear dun modo aínda máis complicado que o seu**. Hai investigadores que afirman que esta expresión oral naceu en Escocia medieval. En Galicia, este desafío oral improvisado e en verso chamase **Regueifa**.

Neste artigo non só falaremos da súa orixe, da súa técnica, de como aprendela e practicala, senón tamén doutras manifestacións modernas coma o Hip-Hop e de como se poden relacionar.



Antonio Rio

Luis "O Caruncho"

Pinto de Herbón

QUE É A REGUEIFA E CAL É A SÚA ORIXE?

A Regueifa é un **desafío oral improvisado en verso** e, debido ao seu carácter basicamente oral, a súa orixe foise perdendo. A orixe máis próxima a nós di que, segundo parece, era tradición que antes do banquete de voda, a parella puxera a disposición das persoas que non estivesen invitadas **un bolo de pan chamado "Regueifa"**. A maneira de ver quen era a persoa que podería repartir este bolo entre os presentes era retarse dialecticamente entre eles, en verso, meténdose uns con outros, cos contraentes ou cos familiares destes, para ver quen facía gala do maior enxeño. Co paso do tempo, esta tradición de carácter rural chegou a ser un elemento máis de pasar o tempo morto no bar ou incluso a modo de espectáculo nas festas patronais ata que coa chegada dos modernos medios de comunicación e as modas musicais este costume foise perdendo.

A confrontación realízase normalmente por parellas, aínda que é habitual que cando hai varios "Regueifeiros" invitados ao final participen todos nunha roda na que cada un fai unha copla. Os versos constrúense en **cuartetos octosílabos de rima asonante ou consonante**, con unha distribución -a-a, e a capela, é dicir, sen acompañamento musical de ningún tipo.

Os temas sobre os que se trata habitualmente **son: a vida persoal de ambos** (calquera cousa se utiliza), **o que acontece na sala, o público, calquera suceso de interese** xeral que se coñeza neses momentos. E cando remata? Na actualidade cando se esgota o tempo pactado previamente, pero en épocas anteriores concluía ou ben por inferioridade dialéctica dun dos adversarios ou por esgotamento, podían estar días enriba dun escenario.

RAP E REGUEIFA

A regueifa pode relacionarse coa realidade de hoxe en día con diversas manifestacións de improvisación, tanto cantada como rimada como co teatro improvisado. Por iso imos falar agora doutra disciplina paralela coa que se ten establecido vínculos.

O hip hop (rap e freestyle)



É un **movemento cultural nacido a finais dos 70 e comezos dos 80 en barrios marxinais de Estados Unidos**. Nel conflúen diferentes manifestacións como o break dance, o graffiti, o rap e os DJ. Os especialistas afirman que o hip-hop ten unha orixe africana; pero, **en Galicia, podemos atopar un precursor deste fenómeno de canción improvisada, de rima sinxela e temática social nas letras, a Regueifa**.

Usualmente **asóciase o termo a un estilo musical, pero en realidade, trátase dun movemento moito máis amplo que abarca outras manifestacións artísticas**. Mentres un ou varios DJ pinchan a base musical do espectáculo, o MC ou cantante rapea e anima ao público cos seus temas. Ao redor do rapeiro poden estar bailando varios breakers. Nalgúns casos este espectáculo vese complementado coa realización, in situ, de graffitis. Un dos expoñentes máis vistosos da cultura rap, son as "Batallas de galos"

As "Batallas de galos" consisten nunha pelexa dialéctica entre dous rapeiros. Tradución urbana das "regueifas" tradicionais galegas, que se diferencian destas últimas en que as batallas de galos teñen carácter competitivo entre dous "MC" (mestre de cerimonia), que é toda aquela persoa que se dedica a crear temas de rap ou a recitalos. A xénese social e cultural da **"Regueifa"** e do **"Rap"** é que ambas son **batallas de enxeño nas que gana o que mellor e máis rápido improvisa**.

Dentro desta cultura, hai que destacar **Os Resentidos** coma un dos primeiros grupos galegos. E cun éxito notable con temas como Arde Galicia que supuxo o encete dunha nova etapa de esplendor da música cantada na nosa lingua. Outro dos epicentros do rap rimado en galego está na vila de Ordes onde o colectivo formado polo grupo **Dios ke te Crew**, mantén a perspectiva galega da chamada "Nova Lírica Urbana".





ACTIVIDADES DO DEPARTAMENTO DE SERVIZOS SOCIOCULTURAIS E Á COMUNIDADE

Profesorado do Departamento de Servizos Socioculturais e á Comunidade

Ao longo do curso 2017/2018 o Departamento de Servizos Socioculturais e á Comunidade realizou unha serie de interesantes actividades para complementar a formación do alumnado dos ciclos correspondentes á nosa familia profesional e, ao mesmo tempo, facer partícipes de moitas delas ao resto da comunidade educativa.

O 26 de outubro fíxose unha **visita ao Centro de Servizos Sociais do Concello de Ribadeo**. Un ano máis, o alumnado de 1º curso do CM de Atención a Persoas en Situación de Dependencia visitou as diferentes instalacións para atender aos diferentes perfís dos usuarios. Así, os alumnos/as, ademais de asistir a unha charla introdutoria, tiveron a oportunidade de achegarse á realidade neste ámbito coñecendo o **Centro de Día “A Concordia”, a vivenda comunitaria e a Residencia para persoas maiores**, da man de persoal do concello e dos propios responsables de cada unha das instalacións.



O 31 de outubro celebrouse a **fiesta do Samaín** no centro, momento que tamén se aproveitou para facer un magosto en colaboración co Equipo de Dinamización da Lingua Galega. O alumnado de ambos cursos do Ciclo de Educación Infantil dinamizou a xornada a través dunha proposta de **xogos populares** encamiñada a fomentar a participación de todos os membros da comunidade educativa.



O 20 de novembro **celebramos o Día Mundial da Infancia e Día Contra a Violencia de Xénero**. O CIFP Porta da Auga colaborou coa campaña de sensibilización “Ribadeo en Negro” tratando de aportar unha visión sistémica e estrutural do problema da violencia de xénero e, aproveitando a coincidencia no calendario coa celebración do día Mundial da Infancia, incidir na importancia que ten educar na igualdade de oportunidades dende os primeiros anos de vida, nunha perspectiva de coeducación.

O alumnado asistiu ás actividades organizadas polos centros educativos do concello que se levaron a cabo no Pavillón Municipal de Ribadeo.



O día 2 de decembro, con motivo da **celebración do Día Internacional da Diversidade Funcional**, o Departamento organizou unha xornada de charlas informativas, na que participaron tanto asociacións coma particulares, achegando a súa experiencia profesional e persoal arredor da convivencia coa realidade da diversidade funcional.





O día 27 de febreiro o alumnado de 1º e 2º de APSD realizou unha **visita aos CPAP Bergondo, Centro de Teleasistencia da Cruz Vermella de A Coruña e a Residencia da terceira idade Sanitas**. Deste xeito o alumnado puido acercarse a diferentes recursos e institución do ámbito comunitario e observar en primeira persoa como se leva a cabo o traballo a prol da promoción da autonomía persoal dende estes centros .

O día 9 de marzo o alumnado de 1º curso de Educación Infantil asistiu ao **CEIP “Gregorio Sanz” e ao colexio “Grado Corazón”** para realizar un **contacto con mestres** na **da celebración do Día da Muller**. Afianzouse unha colaboración xa de anos que supón unha boa oportunidade para que o alumnado teña un achegamento á realidade profesional na que vai a traballar no futuro, ao mesmo tempo que se comeza a sensibilizar aos máis cativos na igualdade de xénero.




O día 7 de marzo o alumnado de 1º e 2º curso de Educación Infantil fixo unha **visita ás instalacións da Fundación Dignidade** no concello de Lugo. Esta entidade traballa no ámbito dos servizos sociais orientados á protección da infancia e da adolescencia, especialmente con aqueles que se atopan en situación de risco social. Tamén se aproveitou á visita á cidade das murallas para coñecer a **escola-bosque “Nenea”**, na parroquia de San Xoán do Alto a 5 km da capital.

O día 3 de maio **visitounos no centro Tomás Rábano**, mestre de música que tamén exerce a súa labor profesional traballando con persoas con autismo a través da musicoterapia. A súa experiencia profesional e os seus coñecementos representan un gran exemplo do ben que se pode realizar o traballo de educador/a a partir de propostas creativas. Transmitíunos a importancia da música na educación dos máis pequenos e a posibilidade de acceder á mesma a través do aproveitamento de recursos presentes na nosa contorna cotiá, feito que facilita moito o noso labor e aporta moitas posibilidades para a intervención.



Dende o Departamento de Servizos Socioculturais e á Comunidade queremos agradecer a participación e colaboración a todas aquelas persoas e institucións que fixeron posible que estas actividades se levasen a cabo, e deste xeito, axudaron a enriquecer o proceso formativo do alumnado e o profesorado do noso centro. Moitas Grazas.



Solución ao labirinto



Solucións á sopa de letras



O AUMENTO DAS EMISIÓN MEDIAS DE CO₂

Álvaro Cabo López

Profesor do Departamento de Transporte e Mantemento de Vehículos

Nos últimos días saíron á luz datos que fan sobre o afundimento das vendas de vehículos diésel en España. Esa tendencia, que non parece frearse senón todo o contrario, repítese por norma xeral en todo o continente europeo. O feito de que **os clientes europeos se decanten cada vez máis por motores de gasolina** ante a posible chegada de restricións e prohibicións para os diésel, e **o aumento das vendas de SUV's** (coches con carrozarías grandes tipo todoterreo), parece ser que **están a provocar que as emisións de CO₂ medias dos coches de nova matriculación aumenten**, segundo se fan eco moitos medios de información do sector da automoción.

A empresa JATO Dynamics fixo recentemente unha análise das emisións medias dos coches novos vendidos en Europa polas dez principais marcas xeneralistas.

Segundo este estudo, as emisións medias das súas vendas en Europa en 2017 foron de 113,8 g/km de CO₂, aproximadamente un gramo por encima da media alcanzada no ano anterior, en 2016. Segundo moitos medios de comunicación do sector este é un dato relevante, xa que estas marcas copan un 58% das vendas do mercado europeo.


Na seguinte táboa poden verse os resultados do estudo en canto a valores de gramos de CO₂ por quilómetro percorrido para cada marca de coches analizada

Marca de coches	2016 (g/km CO ₂)	2017 (g/km CO ₂)
Volkswagen	117,6	119,6
Renault	105,5	106,6
Ford	120,1	120,8
Opel	122,4	123,4
Peugeot	101,8	104,5
Fiat	116,0	115,6
Skoda	111,8	115,9
Toyota	103,9	101,2
Citroën	103,3	105,5
Nissan	114,9	115,9

No seu estudo, JATO Dynamics chega a dúas conclusións, e dúas causas fundamentais polas que as emisións dos principais fabricantes do mercado europeo aumentaron a súa media de emisións.

A primeira razón non é outra que a caída das vendas de coches diésel. Hai que aclarar que, pola forma e tipo de combustible, **a queima de gasolina xera maiores índices de CO₂ que a queima de gasoil.**

Segundo ANFAC (Asociación Española de fabricantes de Automóviles y Camiones), en febreiro deste ano o 38,2% dos coches matriculados tiñan mecánicas diésel, fronte a un 56,4% de coches matriculados con motores de gasolina. **Os híbridos e eléctricos continúan vendéndose de forma tímida**, acumulando só o 5,5% das matriculacións. En xaneiro a porcentaxe de matriculacións de coches diésel tamén foi baixa, do 41,8% sobre o total. Nos máis de 200.000 coches vendidos ata marzo deste ano, só catro de cada dez tiñan unha motorización alimentada por gasóleo. Ao cerre do presente ano, a tendencia podería ser aínda máis acusada.





A nivel europeo prodúcese a concorrencia de **varios factores, que afastan a posibilidade do retorno do gasóleo ó seu trono.** É máis, sepáranos aínda máis da súa posición antano dominante. O diésel erixiuse en inimigo tralo Dieselgate de Volkswagen, e nestas últimas semanas un histórico fallo dos tribunais alemáns permite que sexa legal para calquera cidade alemá a prohibición dos coches diésel nos seus centros.

O diésel tamén é o inimigo nos etiquetados medioambientais, pese a décadas de fiscalidade favorable ó combustible, que motivaron grandes vendas de coches alimentados por este combustible. Ocorreu en España e en moitos países europeos.

Aínda así, e sendo motores máis complexos que nunca e con sistemas anticontaminación realmente caros, **en circulación extraurbana ou en aplicacións industriais o diésel segue a ter custos por quilómetro imbatibles.**

No caso de Volkswagen, por exemplo, o aumento das vendas das versións de gasolina de Volkswagen Golf e Volkswagen Polo, está tendo como consecuencia que as emisións medias de CO₂ destes produtos aumenten, a pesar de que o aumento da demanda do Golf eléctrico – que loxicamente non emite gases contaminantes – debería axudar a que estas diminuíran. E todo isto a pesar de que os seus motores de gasolina modernos son cada vez máis eficientes e as súas emisións, polo tanto, máis baixas.




A segunda razón é que cada vez se vendan máis **SUV's**, que por norma xeral penalizan cunhas **emisións máis altas que os turismos tradicionais** de carrozaría tipo berlina, xa que a aerodinámica destes SUV's é considerablemente peor, debido á súa altura e superficie frontal. JATO Dynamics menciona exemplos concretos, como os de Opel, e que as vendas da súa gama SUV vaian á alza, e sexan cada vez máis relevantes xunto a de produtos de gran volumen como Astra e Corsa, xa sexa polo éxito de modelos como o Opel Mokka X, ou pola introdución de varios modelos novos, como Opel Crossland X e Opel Grandland X. Probablemente este sexa o caso das marcas que máis incrementaron as súas emisións no último ano, Skoda e Peugeot.

A partir destes datos cada un sacará as súas conclusións, xa que aínda é moi cedo para ver se esta nova tendencia nas emisións de CO2 é debida a este cambio de combustible, pero se fose certo, e esta tendencia seguise nos próximos anos, **non deixaría de ser curioso que fai uns anos se buscasse diminuír o CO2, e agora aumente a súa emisión a cambio de reducir os NOx (óxidos de nitróxeno).**



ENCrucILLADO AUTOMOCIÓN



Horizontal

1. Axusta a relación entre a velocidade de rotación do motor e a das rodas.
3. Estrutura sobre a que se fixan os elementos e grupos mecánicos que conforman un automóbil
8. Mando de direccións dos vehículos.
9. Colocado entre dúas pezas móbiles, forma unha capa que impide o seu contacto.
10. Permite unir ou separar o eixo do cambio de velocidades dun vehículo ao movemento do motor.
11. Provoca a inflamación dunha mestura combustible.
13. Permite que as rodas dereita e esquerda dun vehículo xiren a distinta velocidade.
15. Regula o caudal de combustible a consumir polo motor.
16. Recinto sobre o que se desenvolve a carreira dun motor.
17. Transmite a forza da combustión ao eixo do motor.
18. Realiza a mestura de aire/gasolina nas proporcións convenientes.
19. Converte a enerxía química almacenada en corrente eléctrica.

Vertical

2. Introduce unha determinada cantidade de combustible na cámara de combustión.
4. Transmite potencia entre dous ou máis elementos dentro dunha máquina.
5. Regula e controla o fluído.
6. Conecta as rodas co chasis permitindo un movemento relativo entre ambos.
7. Mide o valor da rapidez dun vehículo.
12. Máquina capaz de transformar enerxía mecánica en eléctrica.
14. Transforma a enerxía cinética en calorífica.
15. Primeira fase do proceso no que a mestura explosiva é aspirada.

SENSACIÓN DE “DÉJÀ-VU”

Daniel Gómez Quelle
Alumno de Electromecánica de Vehículos

Con esta revolución que trouxeron os novos **vehículos híbridos e eléctricos** sentímonos case no cumio da **tecnoloxía**. ¡Conducción autónoma! ¡Luces adaptativas! Sistemas Start-stop! ¡Canta novidade!! E é que parecemos esquecer que, como dicía o meu avó, “todo está inventado”.

E que se ben **Toyota** lémbraos que eles crearon o primeiro híbrido fabricado en masa (**Toyota Prius 1997**), e Tesla popularizou os eléctricos co seu deportivo Model S (Tesla Model S 2012), a moita xente sorprenderíalle saber que en 1899 o **Le Jamais Contente** (A nunca contenta) batía por primeira vez a marca dos 100km/h. sendo cen por cento eléctrico.

E cando Opel ou Nissan anuncian a bombo e platillo os seus faros adaptativos, esquécense do **Tucker Torpedo** (1948) ou do **Citröen DS** (1967), que os incluía xunto a unha **suspensión hidroneumática** que se adiantaría, literalmente, décadas aos seus rivais.

Os prometedores (¡E caros!) motores de hidróxeno adiantáronse incluso a Benz. En **1860**, o “**Hippomobile**” de Joseph Etienne Lenoir **recorreu 9 km** en máis ou menos 3 horas cun **motor que extraía hidróxeno** da auga a través de electrólise. Un século despois, o estremeño Estévez Varela “reinventouno ” nunha Vespino modificada que o fixo famoso en toda España.

¿E o “modo vela” (Grupo VAG), que **desconecta o motor nas baixadas** para diminuír o consumo? Por moi increíble que pareza, una versión mecánica dese sistema era incluída xa polo 2cv nos primeiros modelos (**Citröen 2cv 1948**). Tamén o facían o Saab 96 con motor de dous tempos (1961-65), e incluso o famoso (non por bós motivos) **Trabant 601 (1963-90)**, aínda que estes dous últimos o empregaban **por motivos de lubricación**.

Tampouco estamos falando de simples prototipos. Citröen vendeu case millón e medio de “Deeses”, e o Trabant practicamente duplicou esa cifra.

Eu desconfío cando alguén me fala de “sistema innovador” ou “rompedor”. **No mundo do automóbil todo foi probado, investigado, e mellorado.** Poucas cousas quedan por probar, e as que non se probaron antes foi por prezo, complexidade, ou falta de apoios.


REFERENCIAS

- Wikipedia
- Coches clásicos (revista)
- Autopista (revista)
- Encilopedia SALVAT automóvil.
- autopasión18 (web)
- diariomotor (web)
- Especial agradecemento á “Surrey Vintage Vehicle Society” (SVVS) pola súa axuda.

Toyota Prius 1997



Tesla Model S 2012



La Jamais Contente

Citröen DS




Tucker Torpedo



Trabant 601

Hippomobile





FORMIGÓN IMPRESO

Julio Cesar Garcia
Profesor de Edificación e Obra C.
do CIFP Porta da Auga

O formigón impreso é un tipo de **pavimento de formigón ao que se lle aplica un tratamento superficial** mediante o sistema de estampar, texturar e colorear in situ o formigón fresco.

O formigón impreso **coñécese desde hai máis de 30 anos**, pero hoxe está **en boga grazas á exuberante gama de cores e texturas, que permiten facer pavimentos resistentes, vistosos e duradeiros**. Ao ser **impermeable**, soporta o ataque de ácidos e manchas de graxa e aceite, ademais pode utilizarse **en zonas moi castigadas polo tránsito**, como beirarrúas, parques, ramplas, recintos feirais, etc. Estes factores, sumados ao **case nulo mantemento**, explican que trunfe nas vivendas con xardín, desprazando aos pavimentos tradicionais.

O formigón impreso en realidade **é un pavimento continuo coa superficie pigmentada e cun baixorrelevo**, gravado mentres está fresco mediante moldes de neopreno que simulan as pezas e texturas máis variadas. O estampado pode imitar adoquíns, pedra, baldosas, pizarra ou outras superficies. Ao ser **antideslizante**, tamén dá excelentes resultados nas zonas de circulación peonil próximas ás piscinas.

A clave deste pavimento é a capa superficial endurecedora e coloreada, que ven en pó xa preparada de fábrica.

As vantaxes son varias, pero as que destacan son: a impermeabilidade, a resistencia aos raios UV, a **resistencia aos cambios repentinos de temperatura xeda/desxeo**, lonxitude, o tempo de execución reducido, a diversidade dos tipos de formas e cores e a singularidade do deseño, porque cada traballo de formigón impreso é único.

A calidade da superficie de apoio é un factor de suma importancia que afecta ao comportamento e duración do pavimento. En consecuencia, esta capa de apoio estará perfectamente nivelada e compactada, alcanzando o 100 % de acordo co ensaio de compactación Proctor. Debe ter o grao de humidade adecuado no momento da colocación do formigón.

Para poder ser empregado deberá reunir as seguintes condicións:

- Deberá ser estable e non alterarse á intemperie.
- Proporcionar ao formigón unha coloración uniforme.
- Ser químicamente compatible coa cal e non descompoñerse baixo a acción da mesma liberada durante o fraguado do cemento.
- Non alterar as resistencias mecánicas do formigón nin a estabilidade do volume.
- Reaccionar co cemento e a auga do formigón, embebéndose no mesmo.
- Dotar de gran resistencia superficial ao formigón.

Axente liberador (release agent) R. A.]

Para poder ser empregado deberá reunir as seguintes condicións:

- Non alterar ningunha das propiedades do formigón.
- Deberá ser estable.
- Terá que ser químicamente compatible co produto colorante.
- Servirá ao formigón como produto impermeabilizante impedindo o paso da auga á vez que o dota de maior resistencia ás xeadas.
- Igualmente será un elemento de curado que impedirá a rápida evaporación da auga do formigón.
- Servirá de material desencofrante para os moldes de imprimir.

A resina de acabado

Para poder ser empregada deberá reunir as seguintes condicións:

- Penetrará dentro dos poros do formigón selando a superficie, formando una capa duradeira e resistente ás xeadas.
- Mellorará a resistencia á abrasión.
- Deberá ser aplicada a unha temperatura mínima de 5 °C e máxima de 30 °C.


O formigón

A fabricación e posta a punto do formigón é a mesma que a dos formigóns utilizados en edificación, polo que se realizará de acordo coas indicacións do artigo 69 da vixente Instrución Española do Formigón Estrutural (EHE) ou normativa que lo substitúa.

- A resistencia do formigón debe ser preferentemente igual ou superior a 220 kg/cm², non sendo admisible utilizar formigóns con resistencia inferior a 200 kg/cm².
- A relación auga/cemento no debe ser superior a 0,55 xa que relacións maiores presentan maior perigo de fisuración por retracción.
- A consistencia do formigón será branda.
- O TM (tamaño máximo do árido) será preferentemente de 12 mm.
- A limpeza e calidade dos áridos debe estar regulada pola EHE e, en particular, o árido fino deberá ser cuarzo ou outro material de, polo menos, a mesma dureza.
- A auga de amasado deberá ser limpa e potable, non permitindo aquelas que conteñan sulfatos ou hidratos de carbono.

Uso e mantemento

Non se deberán usar solucións ácidas ou cáusticas sobre a superficie terminada. En exteriores **non necesita mantemento**, pero con todo, **a súa aparencia pode ser mellorada se se limpa e se sela anualmente con formigón impreso antiamareleo** dun tipo que transpire o vapor de auga.



Ventás de PVC

Julio Cesar Garcia Diaz
Profesor de Edificación e Obra Civil do CIFP Porta da Auga

As xanelas de PVC son una clase moi xeneralizada fronte a outras deseñadas con materiais máis tradicionais e que foron moito máis utilizados ao longo da historia.

Aínda que **as ventás de PVC son as máis utilizadas en case toda Europa**, en España teñen unha traxectoria moito máis curta cas de madeira ou aluminio. Con todo, hoxe en día superan ás primeiras e son as grandes competidoras das segundas.

Vantaxes das ventás de PVC

Entre as principais vantaxes das ventás de PVC podemos destacar:

- As súas **excelentes propiedades illantes e de seguridade**. As fiestras de PVC ofrecen o mellor illamento térmico e acústico debido á natureza “non condutora” do plástico. E isto reflíctese en aforro enerxético e económico para a nosa vivenda.
- Posúen unha **longa vida útil**, até uns 50 anos.
- **Non necesitan mantemento. Abonda con limpallas cun pano mollado e xabón** ou, para que queden aínda mellor, cun produto específico para perfís de PVC. Isto é unha grande vantaxe fronte ás xanelas de madeira, que requiren dun constante e custoso mantemento.

Un dos puntos clave para que se teña producido un gran incremento na compra de xanelas de PVC é que se rematou cos falsos mitos que dicían que o PVC non era ecolóxico. **As ventás de PVC si son respectuosas co medio ambiente**, xa que durante a súa elaboración non desprenden substancias tóxicas, os seus perfís poden reciclarse para producir outros novos e contribúen a aforrar enerxía. Ademais, algunhas marcas eliminaron os metais pesados -como o chumbo- da súa formulación hai xa moitos anos.

Pero ademais desta, hai outras causas polas que nos últimos anos aumentou moito a demanda deste material en España: a suba do custo eléctrico, a maior concienciación ecolóxica e as novas normativas de eficiencia enerxética. E é que **as ventás de PVC cumpren de sobra coas esixencias das normativas actuais como o Código Técnico (CTE)**. O aluminio, por exemplo, con ou sen rotura de ponte térmica, non as cumpre en todas as zonas climáticas e, en aquelas nas que cumpre, precisa de vidros de grande capacidade de illamento e de perfís con grandes seccións.

Desvantaxes das ventás de PVC

A pesar das súas moitas vantaxes, as xanelas de PVC tamén teñen algúns inconvenientes, como son:

- **O seu prezo é elevado en comparación coas fiestras de mala calidade**. Pero se as comparamos con ventás de madeira ou de aluminio con rotura de ponte térmica (RPT), con niveis de illamento que sexan equiparables, o prezo das segundas é moi similar ou superior ás de PVC.
- Ata fai pouco existía certa limitación á hora de elixir deseños ou cores, pero xa hai marcas que están suplinndo estas carencias coa elaboración de perfís nunha amplísima gama de cores RAL.


En definitiva, as mellores ventás para conseguir illamento térmico no teu fogar e aforrar enerxía son por esta orde: as de PVC, as madeira e as de aluminio con RPT.

Iso si, recorda que si queres que a túa ventá sexa realmente boa, **o perfil debe ir acompañado dun bon vidro e de boas ferraxes e**, por suposto, **ser instalada por un profesional acreditado**, xa que unha boa ventá mal instalada, é unha mala ventá.

Xornada formativa de edificación

O vindeiro xoves 24 de maio a partir das 16:00h vai realizarse no centro unha xornada formativa organizada polo Departamento de Edificación e Obra Civil. Esta formación será impartida por varias empresas da construción para preparar ó alumnado que participará no Campionato SKILLS, así como tamén as persoas en activo que traballan no sector.

 <p>XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA</p>	<p>CIFP PORTA DA AUGA Ribadeo - Lugo</p>	 <p>CIFP Centros Integrados Profesionais</p>
 <p>DEPARTAMENTO DE EDIFICACIÓN E OBRA CIVIL</p> <p><i>El Dpto. de Edificación e Obra Civil do Centro Integrado de Formación Profesional Porta da Auga de Ribadeo, Lugo e Materiais de Construción Cabarques teñen o pracer de convidarche á presentación dos sistemas de construción, demostración de produtos e ferramentas que terá lugar nas instalacións do Centro o día 24 de maio a partires das 16:00 horas. Ó finalizar servirse un aperitivo. Esperamos contar coa túa presenza</i></p> <p>ROGAMOS CONFIRME ASISTENCIA Tlf. 609099998</p>	 <p>Presentación e demostración de:</p> <ul style="list-style-type: none"> • MORTEIROS AUTONIVELANTES • MORTEIROS COLA • MORTEIROS XUNTA • MORTEIROS DE REPARACIÓN • IMPERMEABILIZANTES CEMENTOSOS FLEXIBLES • SOLUCIÓNS PARA A REHABILITACIÓN • SISTEMA SATE <p>CHARLA TÉCNICA: SISTEMA SATE E SOLUCIÓNS PARA A REHABILITACIÓN ÁS 19:30 HORAS NO SALÓN DE ACTOS</p>	
 <p>joaquínsoleiro representaciones</p> <ul style="list-style-type: none"> • Demostracións prácticas coas máquinas TZ e SLIM CUTTER. Realizadas polo formador da fábrica. <p>Corte con máquinas manuais desde lonxitudes de 600-1550 cm e espesores ata 21 mm. Corte con máquinas manuais de lonxitude ilimitada e espesores desde 3-8 mm, formato slim. <ul style="list-style-type: none"> • Nivelación da cerámica: <p>TILE LEVEL DELTA LEVEL</p> </p>	 <p>tempio®</p> <p>Fachadas ventiladas de cerámica para edificios</p> <p>En Tempio somos fabricantes dos sistemas de fachadas ventiladas para edificios de nova obra ou rehabilitación que buscan un aillante térmico, acústico ou mellora visual do exterior. Gustanos traballar con rigor, desde a preparación das arcillas, fabricación de pezas cerámicas, esmaltado e cocción, ata a implementación final sobre a fachada. Facemos pezas de gres extrusionado de alta gama, de fácil colocación e custe de mantemento nulo</p>  <p>En Cerámica Mayor somos Fabricantes de Cerámica cun sistema propio exclusivo Antideslizante, preciosas coleccións e cores únicos, garantía de máxima durabilidade, aplicable en Terrazas e Piscinas, tanto para o chan como para o vaso interior.</p>	



A PENÍNSULA IBÉRICA do século VIII ao XI

iLyass Khaled
Alumno de 1º FP Básica

CANDO CHEGAMOS NO MÓDULO DE SOCIEDADE DE FP BÁSICA AO ESTUDIO DO PASO DO MUNDO ANTIGO Á IDADE MEDIA, DECIDIMOS FACER UNHA EXPOSICIÓN DE CADA UN DOS APARTADOS DA UNIDADE, E ESTA É UNHA MOSTRA DUNHA DAS VIÑETAS FEITAS POLO ALUMNADO, NESTE CASO REFÍRESE AO PARÁGRAFO NO QUE SE CONTA O QUE OCORRÍA NA PENÍNSULA IBÉRICA ENTRE OS SÉCULOS VIII E XI.

NO ANO 711, UN PEQUENO CONTINXENTE DE TROPAS MUSULMÁS CRUZA O ESTREITO DE XIBALTAR E DESEMBARCA NA PENÍNSULA IBÉRICA AO MANDO DE TARIK, LUGARTENENTE DE MUSA.



VALÉNDOSE DAS DIVISIÓNS ENTRE OS VISIGODOS, DERROTAN ENSEGUIDA AO REI RODRIGO NA BATALLA DE GUADELETE E, EN APENAS TRES ANOS, CONTROLAN CASE TODA A PENÍNSULA.

CHÁMASELLE AL-ÁNDALUS AO TERRITORIO PENINSULAR CONQUISTADO POLOS MUSULMÁNS DURANTE A IDADE MEDIA.




NO 756, O PRÍNCIPE OMEIA ABDERRAMÁN I CHEGA Á PENÍNSULA FUXINDO DE DAMASCO, ONDE UNHA NOVA DINASTÍA DERRUBOU E ASASINOU Á SÚA FAMILIA, E PROCLÁMASE EMIR INDEPENDENTE DOS NOVOS CALIFAS ABASÍES DE BAGDAD.





NO 929, ABDERRAMÁN III ROMPE TODA RELACIÓN CON BAGDAD E PROCLÁMASE CALIFA, E, POR TANTO, MÁXIMA AUTORIDADE RELIXIOSA. O CALIFATO ESTÉNDESE ATÉ 1031, E FOI A A ETAPA DE MAIOR ESPLENDOR DO ISLAM ANDALUSÍ.



NÚCLEOS DE RESISTENCIA E NOVOS REINOS XORDEN NO NORTE DA PENÍNSULA ENTRE ELES O REINO DE GALICIA.





ENTENDES O QUE LEVAS POSTO?

Put your T-shirt on and learn English!

Ana Bande Vilela
Profesora de Inglés

Emparella as camisetas coas mensaxes




1. Deixade de seguirme!
2. Intentei ser normal unha vez. Os peores dous minutos da miña vida.
3. Imposible! De ningún xeito!
4. Simplemente non fagas nada.
5. Poder feminino.
6. Que carallo...!
7. Serea fóra de servizo
8. Só se vive unha vez
9. Cala!
10. Só boas vibracións, "buen rollito"
11. Atrevido/a, descarado/a
12. Lárgate de aquí, idiota!
13. Intrépido/a, sen medo
14. Bicos e apertas
15. Impresionante é o meu segundo nome



QUEN É QUEN?

"Ainda que às vezes non cho pareza, os teus profes tamén foron nen@s".
A ver se adiviñas quen e quen?





Actividades do equipo de dinamización da lingua galega



Anxo Martínez Pérez
Coordinador do EDLG

Durante o curso desenvóléronse **actividades diversas**, desde algunhas moi sinxelas, até outras con máis participación e dificultade á hora da súa realización.

Comezamos o 31 de outubro coa **celebración do Samaín-Magosto**, en colaboración co Departamento de Servizos Socioculturais e á Comunidade. Houbo xogos populares, actuacións no Salón de Actos e, como non, castañas gratis. Tamén distribuímos unha follla do **Sabías que...** explicativa do que é o **Samaín**.



No último día de clase dese 1º trimestre, levamos adiante o **Festival Fin de Trimestre**, con colaboración de profesorado e alumnado e de persoas externas ao centro, como foi o caso do Director de Grupo de Teatro de Ribadeo, Antonio Deaño, e do Grupo de Acordeonistas da Escola Municipal de Música de Ribadeo. Houbo, polo tanto, actuacións de **música instrumental, canto a capela, éxito debut dun contador de contos, regueifa, rap e monicreques, todo en galego ... até os acordeóns !!**



O 25 de xaneiro viaxamos, conxuntamente coa Agrupación Cultural Francisco Lanza, até o Museo do Mar de Galiza en Vigo, para ver a xoia das nosas cantigas medievais que representa o **Pergamiño Vendel**.

viaxa
connosco para coñecer

O Pergamiño Vendel

Exposición no Museo do Mar de Galiza - Vigo

DOMINGO 25 DE FEBREIRO

Salida en bus da estación de autobuses ás 08:30 h.
Pola mañá viaxar até Valença do Minho
Pola tarde percorrido guiado polo centro histórico de Vigo co escritor Xavier R. Baixeras e visita ao Museo
Chegada a Ribadeo arredor das 23:00 h.
Prezo da viaxe 15 €, 10 € para estudantes

Para anotarte ghema@edlg.es 828.67.52.99 ou contactar co Equipo de Dinamización da Lingua Galega
Actividade en colaboración coa Agrupación Cultural Francisco Lanza

Equipos de Dinamización da Lingua Galega

vida e obra de **María Victoria Moreno**, a autora homenaxeada. Elaboramos tamén unha follla do **Sabías que ...** para dar a coñecer mellor esta interesante persoa e escritora entre a comunidade educativa.

M^a VICTORIA MORENO

Sabías que ... (nº 9)

... M^a Victoria Moreno, autora a quen se dedica o Día das Letras Galegas, era **astomada de crise**?

... dominaba español, catalán, francés, italiano e portugués, cañeica latina, árabe, un pouco de ruso, romanes e braille, e, porén, **elxíu aprender, falalo, escribi-lo e vivir en galego**?

... diño que "a miña relación con Galicia e a miña opción pola súa lingua é simplemente unha historia de amor"?

... ser profesora non era para ela unha obriga e sorprendíase de cobrar por un traballo que lle proporcionaba tanta ledicia?

... loitou contra a **ciudade franquista e ensinou galego semiautodidacticamente**, feita pola que lle abríron expediente policial e lle retiraron o pasaporte?

... como a maioría das mulleres tivo moitas dificultades para **compaxinar traballo e creación con vida familiar e doméstica**?

... publicou poesía e narrativa e foi **pioneira da literatura infantil e xuvenil en galego**, idioma ao que traduciu os Contos de Andersen, entre outros?

... foi unha gran defensora dos animais?

Equipos de Dinamización da Lingua Galega

En febreiro intentamos organizar a celebración do **Entroido** no centro, aínda que tivemos que deixalo para outra ocasión. Elaboramos, iso si, un **Sabías que ...** sobre esa festa. E o 24 de febreiro celebramos o **Día de Rosalía** distribuindo un **Sabías que ...** dedicado á autora.

O 8 de marzo volvemos a difundir a celebración do **Día da Muller Traballadora**, distribuindo un **Sabías que ...** de denuncia das situacións de desigualdade aínda hoxe existentes.

En maio difundimos a celebración do Día das Letras Galegas, mediante a exposición de carteis sobre a

E outro ano máis está a **Revisita do Porta**, na que actuamos como animadores e coordinadores, **canalizando ese esforzo colectivo sen o cal esta non sería posíbel**. Sabemos que hai aspectos a mellorar e pedimos desculpas polos erros que poida haber.

Queremos finalmente **agradecer a súa colaboración a todas as persoas que participaron activamente en algunha destas actividades, que apuntaron algunha suxestión, que nos deron o seu ánimo ou que, simplemente, foron receptoras de algunha delas**.

martes 31 de 11:30 a 13:00

samaín, xogos e magosto de balde!

Agardámoste!!

Dep. de Servizos Socioculturais e á Comunidade
Equipo de Dinamización da Lingua Galega




A finais de decembro sacamos o **calendario de peto do 2018** cos nomes de meses e días en galego, e cunha foto de alumnado voluntario para saír no mesmo, e repartimos un **Sabías que...** dedicado ao **Apalpador**.

festa

Ven ... ou hache de pesar!!

fin de **t**rimestre

Equipos de Dinamización da Lingua Galega



As nosas palabras... para usar

U D J I H G F A O O Z E Z O Q C E
 C P D C B I R L T I X E L A R Q Z
 J E M S E B I M U V T E M R R U G
 C O A T L K T H R V D E E I U P M
 A F A I N A I N Z R A E N K D O O
 D W G S O C R X M U Q U I T D D L
 E E O P C M A B O E I Z T C A E O
 I X A Z E U X R N X Z N N M A U N
 R Y X W L U A Y B F H L D E P H X
 A T M A L D E R H A G K A N A F E
 A M T O O P B X T S L X C S R W Y
 L W U Y R N Y H E O O L E A A U R
 P H Y N F N E U V O E A O X F J D
 L R A A T O O A A R N H A E U C E
 M R B J X N R S B O D L X E S U Y
 G N E Y O T D O G A V L L L O T O
 H U H K O E C O I T E L O O K D Q

- FRITIR
- OITENTA
- CUARTO
- DEICA
- XEONLLO
- NOCELLO
- MORNO
- LUVA
- CARBALLO
- ONTE
- CADEIRA
- TIXELA
- LONXE
- MENSAXE
- COITELO
- PARAFUSO

SOLUCIÓNS

ENCRIILLADO DE ADMINISTRACION
 Horizontais: 2. Salario 4. Emprago 6. Cotizacións 8. Beneficio 10. Convenio 11. Currículo 12. Factura 13. Liquefación 14. Seguro
 Verticais: 1. Activo 3. Amortizatr 4. Excedencia 5. Contabilidade 7. Retención 9. Programa 14. Seguro

ENCRIILLADO DE DEPENDENCIA
 Horizontais: 1. Biopsicosocial 3. Instrumentais 4. Domílliaro 7. Mundoabuelo 8. Emocional 10. Atrose 11. Exceso 12. Arxonia 15. Mellina 16. Cepal 17. Brody
 Verticais: 2. Neurosensorial 5. Fisioloxicas 6. Diversidade 9. Pirámide 13. Empatía 14. Gardner 18. SAAD 19. Lobo 20. P

ENCRIILLADO DE AUTOMOCION
 Horizontais: 1. Cambio 3. Bastidor 8. Vriante 9. Lubricante 10. Embrague 11. Buxa 13. Diferencial 15. Aceite 16. Cilindro 17. Pistón 18. Carburador 19. Batería
 Verticais: 2. Inxección 4. Transmisión 5. Válvula 6. Suspensión 7. Velocímetro 12. Alternador 14. Freo 15. Admisión

ENCRIILLADO INNOVA
 Horizontais: 1. Cervexa 5. Electrificade 6. Autobus 7. Militar 9. Arco
 Verticais: 1. Calceín 2. Robot 3. Sateélite 4. Masaxista 8. Radar

ENTENDES O QUE LEVAS POSTO?
 10. 2L 30 4LL 5I 6D 7M 8G 9E 10K 11P 12A 13H 14F 15B


Verticais: 2. Potencia 3. Pele 6. Dinamo 8. Cálodo 9. Polímetro 12. Paralelo 13. Vermello 14. Fluorescente



 XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA


UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

Concello de
Ribadeo 

 Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega


Centros
Integrados
Formación Profesional

CIFP PORTA DA AUGA
Av. de Luarca s/n. 27700 RIBADEO
Tlf. 982 128 894. Fax 982 130 955
cifp.portadaauga@edu.xunta.es
centros.edu.xunta.es/cifpportadaauga/

